



RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Visto que con data 22 de abril pola xerente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo consistente na redacción do Plan Estratéxico de Turismo da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (PET-MAIV).

Visto que dada a característica do servizo, pola xerente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo considérase como procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 23 de abril de 2009 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por Resolución de Presidencia con data 23 de abril de 2009 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 23 de abril de 2009, redactouse e incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 8 de maio de 2009, realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna e con data 12 de maio de 2009 emitiu Informe de fiscalización do expediente.

Visto que con data 13 de maio de 2009, modificouse a redacción e incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que mediante Resolución de Presidencia con data 25 de maio de 2009 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, para a adxudicación do servizo consistente a redacción do Plan Estratéxico de Turismo da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (PET-MAIV), por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data 26 de maio de 2009 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- ECONET S.L.
- Proxectos. Consultoría e Formación
- Estrategia y Organización, S.A. (EOSA)
- Grupo Femxa (GRUPO FEMXA PROYECTOS Y CONSULTORIA, S.L.)
- Quadernas Consultoría S.L
- Idom Estudios y Consultoría
- Daleph
- Método Galicia S.L.
- Deloitte S.L. (DELOITTE Y TOUCHE S.A.)

Visto que con data 11 de xuño de 2009 certificáronse as ofertas presentadas que constan como tal en expediente.

Visto que con data 15 de xuño de 2009 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta, comproba os contidos dos Sobres A e declarando admitidas as propostas de Estrategia y Organización S.A. e Idom Estudios y Consultoría e concedendo un prazo de 3 días para que o resto das candidaturas corrixan os defectos ou omisións detectadas tal e como reflicte a acta correspondente.

Visto que con data 25 de xuño de 2009 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta, comproba os documentos solicitados para a subsanación dos defectos observados e considera que están subsanados os mesmos, declarando admitidas todas as ofertas. A continuación procedese á apertura do Sobre B e comproba as ofertas económicas e calendarios de traballo, solicitando informe técnico de valoración á técnica do proxecto PET-MAIV.

Visto que data 7 de xullo de 2009, e despois de analizar o informe técnico de valoración onde a empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) é a licitadora con maior puntuación, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) polo prezo total de 35.960 euros dos que 4.960 euros corresponden ao Imposto de Valor Engadido, de acordo coas seguintes consideracións:



	CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTOS
A	Contidos e proposta metodolóxica do traballo	40
B	Planificación control e seguimento dos traballos	1
C	Melloras	23
D	Prazo de execución	8
E	Oferta económica	3
F	Certificados de calidade	4
	TOTAL PUNTOS	79

Visto que mediante Resolución de Presidencia con data 13 de xullo de 2009 adxudicouse provisionalmente o contrato de servizo para a redacción do Plan Estratéxico de Turismo da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (PET-MAIV) á empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) polo prezo total de 35.960 euros dos que 4.960 euros corresponden ao Imposto de Valor Engadido.

Visto que con data 14 de xullo de 2009, a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos e publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

Visto que con data 14 de xullo de 2009 a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418), requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e constituíse a garantía definitiva.

Visto que con data 21 de xullo de 2009, recibíronse no rexistro da Mancomunidad de parte do adxudicatario provisional Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418), os documentos xustificativos de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Agencia Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social, así como xustificación da constitución da garantía definitiva a través de aval número 01413000103838 por importe de 1.550 € co número de operación 206/2003 do Estado e 85/2004 da Xunta de Galicia.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe-proposta da xerencia da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de servizo para a redacción do Plan Estratéxico de Turismo da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (PET-MAIV) aprobada por Resolución de Presidencia con data 13 de xullo de 2009 e publicada no Perfil de Contratante o día 14 de xullo de 2009.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida 7511 2270600 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a D. Antonio de la Cruz de la Rosa, representante da empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418), adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar dentro do prazo dos dez días seguintes da sinatura da resolución de adxudicación definitiva.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo para a redacción do Plan Estratéxico de Turismo da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (PET-MAIV) no Perfil de contratante.

SÉXTO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Abel R. Caballero Álvarez, en Vigo, a 4 de agosto de 2009; do que, como Secretaria, dou fe.

Ante mín,
A secretaria,

Concepción Campos Acuña



O Presidente,

Abel R. Caballero Álvarez